



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA  
CORPORACIÓN EN DATA 2 DE NOVEMBRO DE 2016.**

**ASISTENTES:**

**ALCALDESA-PRESIDENTA:**

D<sup>a</sup>. María Loureiro García.

**CONCELLEIROS:**

D. Jesús Antonio Fernández Cal, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isabel Rodríguez López, D. Jesús Fernández Fernández, D<sup>a</sup>. Lara Fernández Fernández-Noriega, D. Emilio Villarme Méndez, D<sup>a</sup>. María Soledad Rey Yáñez, D<sup>a</sup>. María del Carmen Franco Díaz, D. Bernardo José Fraga Galdo, D. Manuel Galdo Dopico, D<sup>a</sup>. Saray Blanco Canoura, D. Antonio José Bouza Rodil, D. Jaime Eduardo de Olano Vela, D. Celestino Valentín García Paz, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Jesús Vale López, D<sup>a</sup>. María Cristina Goás Fernández e D. Marcos Besada Álvarez

**SECRETARIA XERAL**

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Luz Balsa Rábade

**INTERVENTORA**

D<sup>a</sup>. Rosa Abelleira Fernández

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as vinte horas e trinta minutos do día dous de novembro de dous mil dezaseis, reúnen-se, en primeira convocatoria, os Sres. Concelleiros citados anteriormente, ó obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da Corporación, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, asistida de mín, que como Secretaria Xeral, certifico do acto do Concello.

Comprobado pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declárase pola Sra. Alcaldesa aberta a sesión, polo que se procede a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día.

**1ª PARTE**

**PARTE RESOLUTIVA**

**1.- APROBACIÓN DA ACTA DO PLENO DE DATA 28 DE NOVEMBRO DE 2016**

Intervén D. Antonio Bouza Rodil, en representación do Grupo Municipal do P.P., para dicir que nas páxinas 11 e 12 da acta do 28/09/2016 se observan dúas erratas. No punto



10 sobra “para dicir que foi un pracer compartir estes cinco meses”. No punto 11, na toma en consideración da renuncia de D. Carlos Alberto Gueimunde Cabaleiro sobra a referencia á renuncia de D<sup>a</sup>. Belinda Bermúdez Otero.

Non existindo máis obxeccións apróbase por unanimidade a acta da sesión de data 28/10/2016.

## **2.- TOMA DE POSESIÓN DOS CONCELLEIROS DONA MARÍA CRISTINA GOÁS FERNÁNDEZ E DONA MARÍA DEL CARMEN FRANCO DÍAZ.**

### **A.- TOMA DE POSESIÓN DE DONA MARÍA CRISTINA GOÁS FERNÁNDEZ.**

Por parte da Sra. Alcaldesa dase conta ó Pleno da expedición da credencial de Concelleira expedida pola Xunta Electoral Central, a favor de D<sup>a</sup>. María Cristina Goás Fernández, así como de que foi formulada a declaración de bens patrimoniais, e de causas de posibles incompatibilidades e actividades que podan proporcionar ingresos económicos, ós efectos da súa inscrición no correspondente rexistro de intereses, tal como está previsto no artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, polo que a interesada podería proceder á toma de posesión do seu cargo.

Por parte de D<sup>a</sup>. María Cristina Goás Fernández procédese a prestar xuramento do seu cargo según a fórmula seguinte, establecida no Real Decreto 707/1979, de 1 de abril:

“Juro por mi conciencia y honor cumplir fielmente las obligaciones del cargo de Concejala del Ayuntamiento de Viveiro con lealtad al Rey, y guardar y hacer guardar la Constitución como norma fundamental del Estado”.

Acto seguido, e tras considerar que se cumpriron os requisitos legalmente previstos para a adquisición da condición de Concelleira, o Pleno dá posesión a D<sup>a</sup>. María Cristina Goás Fernández do seu cargo.

Intervén a Sra. Alcaldesa para comentar que a nova concelleira xa tomou posesión do seu cargo, quedando adscrita ó Grupo Municipal do P.P., dándolle a benvinda á Corporación e cedéndolle o uso da palabra, da que non fai uso.

### **B.- TOMA DE POSESIÓN DE DONA MARÍA DEL CARMEN FRANCO DÍAZ.**

Por parte da Sra. Alcaldesa dase conta ó Pleno da expedición da credencial de Concelleira expedida pola Xunta Electoral Central, a favor de D<sup>a</sup>. María del Carmen



Franco Díaz, así como de que foi formulada a declaración de bens patrimoniais, e de causas de posibles incompatibilidades e actividades que podan proporcionar ingresos económicos, ós efectos da súa inscrición no correspondente rexistro de intereses, tal como está previsto no artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, polo que a interesada podería proceder á toma de posesión do seu cargo.

Por parte de D<sup>a</sup>. María del Carmen Franco Díaz procédese a prestar xuramento do seu cargo según a fórmula seguinte, establecida no Real Decreto 707/1979, de 1 de abril:

“Pormeto pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira do Concello de Viveiro con lealtade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”.

Acto seguido, e tras considerar que se cumpriron os requisitos legalmente previstos para a adquisición da condición de Concelleira, o Pleno dá posesión a D<sup>a</sup>. María del Carmen Franco Díaz do seu cargo.

Intervén a Sra. Alcaldesa para comentar que a nova concelleira xa tomou posesión do seu cargo, quedando adscrita ó Grupo Municipal do P.S.O.E., dándolle a benvida á Corporación e cedéndolle o uso da palabra, da que non fai uso.

### **3.- INCOACIÓN DE EXPEDIENTE DE INVESTIGACIÓN DO “CAMIÑO DA COSTEIRA”, NA PARROQUIA FARO.**

Visto o escrito de Don Francisco Chao Pardo, presentado neste Concello en data 30 de setembro de 2016 ( n.º de rexistro 6669), no que manifesta que o trazado do Camiño Público da Costeira sito na parroquia de Faro, non discorre polo lugar que aparece definido no inventario de Bens deste Concello, senon que o seu trazado correcto é o que figura na Xerencia Territorial do Catastro, solicitando a corrección do mesmo, e aportando escrituras da súa propiedade colindante lindantes co referido camiño.

Resultando que según se desprende do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, pódese acordar de oficio ou por denuncia dos particulares, pola Corporación, o exercizo da acción investigadora, polo que se entende que o órgano competente para o exercizo desta acción é o Pleno da Corporación.

Resultando que según establece o artigo 48 do RBCL, recibida a comunicación e antes de acordar a apertura do expediente, procederase a un estudo previo sobre a procedencia do exercizo da acción investigadora, constando informe da encargada do Departamento de Servizos Xurídicos do Concello no que se sinala que, tendo en conta que da



documentación aportada, poden existir dúbidas sobre o trazado do camiño e polo que atendendo ó interese xeral da Administración de determinar a titularidade dos bens, a dificultade de determinar o custo do proceso de investigación de dito ben e a obrigatoriedade de defensa do Concello dos seus bens e dereitos, enténdese que procede o exercizo da acción investigadora por parte desta administración .

O artigo 49 do RBCL sinala que o acordo de iniciación do expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia, con expresión das características que permitan identificar o ben ou dereito investigado, e de dito acordo darase traslado á Administración Estatal e Autonómica para que éstas, no seu caso, podan facer valer os seus dereitos e alegar o que procedese.

O artigo 50 da mesma norma establece que no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ó que deba darse por rematada a publicación, poderán as persoas afectadas polo expediente alegar por escrito o que estimen convinte acompañando todos os documentos que consideren, debendo ser notificados persoalmente os afectados que resulten coñecidos no expediente. Transcorrido o prazo referido abrírase o período de proba e efectuada e valorada a mesma porase de manifesto o expediente por término de dez días ós afectados que comparecesen no expediente para que aleguen o que estime convinte, resolvendo posteriormente o expediente polo Pleno da Corporación previo informe de Secretaría.

Resultando que este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Obras e Medio Ambiente.

Non existindo debate sobre este asunto, procédese á votación, acordándose, por unanimidade dos presentes, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Iniciar o procedemento de investigación de oficio do camiño denominado no inventario de bens como “Camiño da Costeira”.

Segundo.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios do Concello, coa expresión das características que permitan identificar o ben, estando exposto por un período de 15 días.

Terceiro.- Dar traslado, según o estipulado no artigo 49 RBCL, do presente acordo de reinicio do expediente á Administración Estatal e Autonómica, ós efectos de que podan facer valer os seus dereitos e alegar o procedente.

Cuarto.- Notificar este acordo ós afectados polo expediente de investigación coñecidos, concedéndolles un prazo de alegacións de un mes, según o disposto no artigo 50 do RBCL.

Sexto.- Facultar á Alcaldesa-Presidenta do Concello ou quen legalmente a substitúa para levar a cabo a tramitación do procedemento según o establecido no RBCL e na LPAP,



ata o momento de resolución do expediente, que debe ser realizado polo Pleno da Corporación.”

#### **4.- INCOACIÓN DE EXPEDIENTE DE INVESTIGACIÓN DO “CAMIÑO CONGOSTRA DE BEDRO 2”, NA PARROQUIA DE FARO.**

Visto o escrito presentado por D. Jesús Rouco Ríos, e D<sup>a</sup>. María Aurora Rouco Ríos, en data 7 de outubro de 2016 ( n.º de rexistro 6788), no que se manifestan que o camiño que consta no inventario e no catastro como público sito no lugar de Congostra, non existe na realidade física, e que nunca atravesou un camiño as parcelas da súa titularidade.

Visto o informe do inventario de bens que obra no expediente, segundo o cal o camiño inventariado ao que se refire o escrito presentado polos interesados, é o denominado no inventario municipal como “Camiño Congostra de Bedro 2”.

Resultando que según se desprende do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, pódese acordar de oficio ou por denuncia dos particulares, pola Corporación, o exercizo da acción investigadora, polo que se entende que o órgano competente para o exercizo desta acción é o Pleno da Corporación.

Resultando que según establece o artigo 48 do RBCL, recibida a comunicación e antes de acordar a apertura do expediente, procederase a un estudo previo sobre a procedencia do exercizo da acción investigadora, constando informe da encargada do Departamento de Servizos Xurídicos do Concello, no que se sinala que, tendo en conta o solicitado, e existindo dúbidas sobre a súa posible existencia e consecuentemente, sobre a determinación da titularidade do mesmo, polo que, atendendo ao interese xeral da Administración de determinar a titularidade dos bens, tendo en conta a dificultade de determinar o custo do proceso de investigación de dito ben e a obrigatoriedade de defensa do concello dos seus bens e dereitos, enténdese que procede o exercizo da acción investigadora pro parte do Concello.

O artigo 49 do RBCL sinala que o acordo de iniciación do expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia, con expresión das características que permitan identificar o ben ou dereito investigado, e de dito acordo darase traslado á Administración Estatal e Autonómica para que éstas, no seu caso, podan facer valer os seus dereitos e alegar o que procedese.

O artigo 50 da mesma norma establece que no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ó que deba darse por rematada a publicación, poderán as persoas afectadas polo expediente alegar por escrito o que estimen convinte acompañando todos os documentos que consideren, debendo ser notificados persoalmente os afectados que resulten coñecidos no expediente. Transcorrido o prazo referido abrírase o período de proba e efectuada e valorada a mesma porase de manifesto o expediente por término de



dez días ós afectados que comparecesen no expediente para que aleguen o que estime convinte, resolvendo posteriormente o expediente polo Pleno da Corporación previo informe de Secretaría.

Resultando que este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Obras e Medio Ambiente.

Non existindo debate sobre este asunto, procédese á votación, acordándose, por unanimidade dos presentes, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Iniciar o procedemento de investigación de oficio do camiño denominado no inventario de bens como “Camiño Congostra de Bedro 2”.

Segundo.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios do Concello, coa expresión das características que permitan identificar o ben, estando exposto por un período de 15 días.

Terceiro.- Dar traslado, según o estipulado no artigo 49 RBCL, do presente acordo de reinicio do expediente á Administración Estatal e Autonómica, ós efectos de que podan facer valer os seus dereitos e alegar o procedente.

Cuarto.- Notificar este acordo ós afectados polo expediente de investigación coñecidos, concedéndolles un prazo de alegacións de un mes, según o disposto no artigo 50 do RBCL.

Sexto.- Facultar á Alcaldesa-Presidenta do Concello ou quen legalmente a substitúa para levar a cabo a tramitación do procedemento según o establecido no RBCL e na LPAP, ata o momento de resolución do expediente, que debe ser realizado polo Pleno da Corporación.”

## **5.- ADHESIÓN Á ADENDA AO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS EN MATERIA DE XESTIÓN DE RESIDUOS DE APARELLOS ELECTRICOS E ELECTRONICOS.**

Vistos os escritos remitidos pola FEGAMP a este Concello con datas 13 de setembro de 2016 e número de rexistro de entrada 2016-E-RC-6348 e o 06 de outubro de 2016 con número de rexistro 2016-E-RC-6755; así como o remitido pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio o día 06 de outubro de 2016 con número de rexistro de entrada 2016-E-RC-6757; referentes todos eles á sinatura o pasado 6 de setembro de unha adenda ó Convenio marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a Federación Galega de Municipios e



Provincias en materia de xestión de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos. Nestes escritos instase ós Concello interesados en adherirse a este convenio a asinar de novo o anexo I de adhesión con data posterior á sinatura da adenda.

Vista a proposta de Alcaldía de adopción polo Pleno da Corporación de adhesión do Concello de Viveiro ao Convenio de Colaboración asinado o 30 de marzo de 2016, E MODIFICADO POLA ADENDA DE 6 DE SETEMBRO entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a FEGAMP e as entidades xestoras de sistemas integrados de xestión de residuos de aparatos eléctricos e electrónicos o ámbito de actuación dos cales inclúe o territorio de Galicia, a fin de garantir o cumprimento do Real Decreto 208/2005, a a normativa concordante, asumindo os compromisos mínimos contidos no referido Convenio marco e na adenda así como para facultar á Sra. Alcaldesa, ou concelleiro que legalmente a substitúa, para asinar canta documentación sexa precisa para a formalización da referida adhesión e cantos documentos se deriven da mesma.

Resultando que este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa de de Urbanismo, Infraestructuras, Obras e Medio Ambiente.

Non existindo debate sobre este asunto, procédese á votación, acordándose por unanimidade dos presentes a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- A adhesión do Concello de Viveiro ao Convenio de Colaboración asinado o 30 de marzo de 2016, E MODIFICADO POLA ADENDA DE 6 DE SETEMBRO entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a FEGAMP e as entidades xestoras de sistemas integrados de xestión de residuos de aparatos eléctricos e electrónicos o ámbito de actuación dos cales inclúe o territorio de Galicia, a fin de garantir o cumprimento do Real Decreto 208/2005, a a normativa concordante, asumindo os compromisos mínimos contidos no referido Convenio marco e na adenda.

SEGUNDO.- Facultar a Sra. Alcaldesa, ou concelleiro que legalmente a substitúa, para asinar canta documentación sexa precisa para a formalización da referida adhesión e cantos documentos se deriven da mesma.

## **6.- RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE TAXI NO CONCELLO DE VIVEIRO.**

Resultando que en data 4 de maio de 2016 se acordou polo Pleno da Corporación a aprobación provisional da Ordenanza reguladora do servizo de taxi no Concello de Viveiro.

Resultando que, en cumprimento do disposto no artigo 49 da Le 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL) se procedeu á realización do trámite





de información pública por prazo de trinta días, publicándose anuncio no Boletín Oficial da Provincia en data 25 de maio de 2016.

Resultando, que segundo consta no informe xurídico emitido pola encargada do Departamento de Servizos Xurídicos, en data 29 de setembro de 2016, no prazo de alegacións se presentaron alegacións por parte de D<sup>a</sup>. María del Mar Quelle Basanta, en calidade de presidenta da Asociación Taxis de Viveiro, as alegacións que constan no escrito con número de rexistro de entrada 4546/2016 en data 23/06/2016.

Resultando que, segundo establece o artigo 49 LRBRL, presentadas alegacións debe procederse á súa resolución e aprobación definitiva da ordenanza polo Pleno da Corproación.

Visto o informe xurídico en relación ás alegacións presentadas, emitido pola encargada do Departamento de Servizos Xurídicos, no que se sinala:

“(…)

#### ANTECEDENTES

*PRIMEIRO.- Polo Pleno do Concello de Viveiro en data 4 de maio de 2016, aprobouse inicialmente a Ordenanza Reguladora do Servizo de Taxis no Concello de Viveiro. O 25 de maio de 2016 dita ordenanza foi publicada no BOP, a fin de que se presentaran, no seu caso, as reclamacións e suxerencias que se estimaran convintes no prazo de 30 días hábiles.*

*SEGUNDO.- En dito prazo presentouse por dona María del Mar Quelle Basanta, en calidade de presidenta da Asociación Taxis de Viveiro, as alegacións que constan no escrito con número de rexistro de entrada 4546/2016 en data 23/06/2016.*

*TERCEIRO.- Ditas alegacións consisten fundamentalmente en considerar que por esta administración infrinxiuse o regulado na Lei 4/2013 de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, en canto a que por parte desta administración non se deu audiencia as asociacións profesionais do sector do taxi para a regulación do referente as paradas, as licenzas de taxi e a coordinación do servizo.*

#### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

*PRIMEIRA.- En canto á alegación formulada en relación ao incumprimento de dar audiencia ás asociacións de Taxistas existentes no municipio, debe indicarse que no expediente levado a cabo neste concello, consta que unha vez elaborado o borrador de dita ordenanza no que se dispón no artigo 25 a regulación DAS PARADAS, celebrouse unha reunión neste concello a que acudiron as dúas asociacións de taxis de Viveiro, representativas do sector, Taxis Viveiro Asociación baixo a presidencia de dona María del Mar Quelle Basanta e Taxi Libre de Viveiro, baixo o seu presidente don Marco Antonio Paraños Castro a fin de dar conta de dito borrador. Posteriormente ditas asociacións se reuniron e acordaron por unanimidade aceptar o borrador da Ordenanza Municipal de Servizo de Taxi do Concello de Viveiro mostrando a súa conformidade de forma expresa no escrito rexistrado no concello en data 20 de novembro de 2011( número de rexistro 9.210).*





*Polo tanto, queda acreditada fehacientemente a audiencia aos interesados, neste caso ás asociacións de taxi do municipio de Viveiro.*

*SEGUNDO.- No tocante á regulación da coordinación do servizo, o artigo 35 de lei 4/2013 establece que os concellos, poderán regular no seu ámbito territorial, o réxime de horarios, calendarios, descansos, interrupcións da prestación de servizos e vacacións das persoas titulares das licenzas. No caso do concello de Viveiro sendo potestativa a facultade de regular estes aspectos na ordenanza, optou por non regulalos. De feito no artigo 26, a Ordenanza regula os Horarios, exclusivamente no tocante á cobertura do servizo, pero non respecto ós horarios concretos de traballo das persoas titulares das licenzas.*

*TERCEIRO.- En canto ao número de licenzas, o artigo 6 da Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo en Galicia, establece:*

*“ Determinación do número de licenzas de taxistas*

*1.- O outorgamento de licenzas de taxi virá determinado, en todo caso, pola necesidade e pola conveniencia do servizo que se vai prestar ao público atendendo a caracterización da oferta e da demanda existente no ámbito territorial, así como polo mantemento da calidade do servizo e pola sustentabilidade na súa explotación.*

*2.- Como regra xeral, o número máximo de licenzas de taxi por cada municipio determinarase do seguinte xeito:*

*a) Concellos cunha poboación igual ou inferior a 20.000 habitantes: 1 licenza de taxi por cada 1.100 habitantes, cun mínimo de 2 licenzas de taxi por concello.*

*b) Concellos cunha poboación superior a 20.000 habitantes e inferior ou igual a 150.000 habitantes: 1 licenza de taxis por cada 1.000 habitantes.*

*c) Concello cunha poboación superior a 150.000 habitantes: 1 licenza de taxis por cada 900 habitantes.”*

*3.- Para os efectos da aplicación das determinacións establecidas no punto anterior, a fixación do número máximo de habitantes efectuarase atendendo as cifras oficiais de poboación resultantes da última revisión do padrón municipal establecidas polo Instituto Nacional de Estadística”.*

*A Disposición Transitoria Cuarta da mesma Lei, establece que todas as licenzas de taxi existentes conservarán a súa validez aínda que no ámbito territorial de vixencia da dita licenza se poidan superara os límites máximos establecidos nos artigos 6 e 9, e sempre que estas estean en plena explotación no momento da entrada en vigor desta lei.*

*No artigo 12.3, da lei establece que as licenzas poderanse revogar pro motivos de oportunidade de interese público, tales como circunstancias sobrevenidas non imputables ao titular ou titulares que aconsellen á administración reducir o número de licenzas por caída de demanda, exceso de oferta ou circunstancias xustificadas.*



*Na aplicación de toda esta regulación e do que consta tramitado no expediente temos que, no Concello de Viveiro existen 22 licenzas de taxi en explotación anteriores á entrada en vigor da lei, ditas licenzas en aplicación da disposición transitoria cuarta conservarán a súa validez, sendo perfectamente legal o número de licenzas existentes. Ademais o número de licenzas nun determinado ámbito territorial non se determina so pola regra xeral de número de habitantes, senon que no punto un do artigo 6 establece outros principios como, oferta e demanda, calidade do servizo e sustentabilidade da explotación.*

*En canto á revogación das licenzas dicir que no artigo 12.3, a lei regula esta facultade como potestativa do concello, e debe exercitarse en determinadas circunstancias e en virtude dun expediente concreto no que en todo caso deberían quedar acreditados os motivos de oportunidade de interese público, non sendo este o caso que nos ocupa.*

*De conformidade con todo o exposto, considera esta informante que as alegacións formuladas por dona María del Mar Quelle Basanta en calidade de presidenta da Asociación de Taxis de Viveiro deben desestimarse, toda vez que, a Ordenanza Municipal Reguladora do Servizo de Taxis do Concello de Viveiro é conforme co disposto na Lei 4/2013 de 30 de maio de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia.”*

Resultando que este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Obras e Medio Ambiente.

Intervén a Sra. Alcaldesa para darlle a palabra á Secretaria Municipal, ós efectos de que explique a tramitación da ordenanza.

Por parte da Secretaria Municipal realízase un resumo dos pasos seguidos segundo a normativa para a tramitación da presente ordenanza.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que paralelamente á tramitación da ordenanza os portavoces dos grupos municipais se reuniron cos taxistas polo asunto de amortización das licenzas de taxi, e sinala que a aprobación da ordenanza non implica seguir reuníndose sobre este asunto. Engade que se aumentan paradas polo que se procederá a levar a cabo os trámites oportunos pra a súa ubicación física e pintado.

Intervén D. Antonio Bouza Rodil, en representación do Grupo Municipal do P.P., para dicir que se alegra de que despois de máis de dous anos saia adiante a presente ordenanza, que considera moi necesaria para o servizo. Engade que se debe seguir escoitando ao sector e coa porta aberta a negociacións.

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, membro non adscrito da Corporación Municipal, para dicir que considera unha boa nova levar adiante a ordenanza con este consenso.

Intervén D. Marcos Besada Álvarez, integrante do Grupo Mixto, para dicir que non ten máis que engadir, que está de acordo en que é unha boa nova sacala adiante.



Non existindo máis debate sobre este asunto procédese á votación, acordándose por unanimidade dos presentes a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Desestimar as alegacións formuladas por D<sup>a</sup>. María del Mar Quelle Basanta en calidade de presidenta da Asociación de Taxis de Viveiro á Ordenanza Reguladora do Servizo de Taxi no Concello de Viveiro.

Segundo.- Aprobar definitivamente a Ordenanza Reguladora do Servizo de Taxi no Concello de Viveiro.

Terceiro.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia de Lugo o texto íntegro da ordenanza para a súa entrada en vigor.

## **2ª PARTE:**

### **PARTE DECLARATIVA**

#### **1.- MOCIÓN DE SON VIVEIRO, INTEGRANTE DO GRUPO MIXTO, PARA APOIO Á PROPOSICIÓN DE LEI PARA A APLICACIÓN DE MEDIDAS URGENTES EN MATERIA DE RÉXIME LOCAL LOCAL PRESENTADA NO CONGRESO DOS DEPUTADOS.**

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que se acaba de presentar polo Grupo Municipal do P.P. unha enmenda á moción de Son Viveiro e dalle a palabra á Secretaria Municipal para que explique como se debe proceder para a deliberación.

Intervén a Secretaria Municipal para dicir que o ROF regula as enmendas, como propostas de modificación dun dictame ou proposición presentada por calquer membro, mediante escrito presentado ao Presidente antes de iniciarse a deliberación do asunto. Engade que o trámite de deliberación debe regularse en cada Concello mediante o seu Regulamento Orgánico, norma coa que non conta nestes momentos o Concello de Viveiro. Apunta que a interpretación do sentido das enmendas segundo o ROF (como propostas de modificación que se deben presentar antes da deliberación) se perfila como propostas que deberían ser debatidas antes da moción. Engade que as consecuencias difiren sustancialmente de tratarse de enmendas parciais ou enmendas á totalidade, posto que as primeiras poderían incluso resultar compatibles coa proposta enmendada, e sen embargo as segundas supoñen a substitución, polo que de resultar aprobada a enmenda xa non se aprobaría a moción. Pero recalca que a concreta regulación do debate, tempos, etc... se debe recoller no correspondente Regulamento Orgánico. Apunta así mesmo que neste Concello, á falta da referida norma, se viña seguindo a



costume de que o grupo político proponente da enmenda preguntaba ao grupo que presentaba a moción se aceptaba a enmenda, presentándose ésta polo segundo soamente no suposto que lle fose aceptada, polo que a presentación formal da mesma se producía exclusivamente se o grupo proponente a aceptaba. Insiste na finalidade desta figura no ROF e na regulación exhaustiva que se debería recoller nun Regulamento Orgánico.

Intervén a Sera. Alcaldesa para dicir que proceda o concelleiro de Son Viveiro á lectura da moción para posteriormente proceder o Grupo Municipal do P.P. á lectura da enmenda e posterior debate.

Intervén D. Marcos Besada Álvarez, que porcede á lectura da moción presentada por Son Viveiro, integrante do grupo mixto, en data 27-10-2016, para a apoio á proposición de lei par a aplicación de medidas urxentes en materia de réxime local presentada no congreso dos deputados que propón ao pleno a adopción dos seguintes acordos:

*“-Apoiar a tramitación de dita proposición de lei , polo tanto, apoiar a derogación e modificación da lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local no Congreso dos Deputados.*

*-Instar ao Goberno Central e a todos os Grupos Parlamentarios do Congreso dos Deputados a que faciliten e apoiem un proceso participativo no que estean representados os entes locais, as asociacións de municipios, a sociedade civil e a cidadanía no seu conxunto, onde se elaboren as abses para a construción do novo municipalismo do século XXI. As bases deste novo municipalismo dene partir da asunción de novas competencias, e da garantización dunha financiación axeitada e suficiente para as corporacións locais e da transparencia e participación vinculada da cidadanía.*

*-Darlle traslado deste acordo ao Goberno Central e a todos os Grupos Parlamentarios do Congreso dos Deputados.”*

Intervén D. Jaime de Olano Vela , que procede á lectura da enmenda presentada polo P.P. que di:

*“1. Instar á Xunta de Galicia a solicitar unha reforma do sistema de financiación local do acordo cos seguintes criterios adoptados por unanimidade no Parlamento de Galicia:*

- I. Proporcionar máis recursos aos concellos galegos*
- II. Adoptar os criterios de dispersión e avellentamento da poboación para o reparto da Participación nos Ingresos do Estado (PIE), por se tratar dos factores que repercuten de xeito determinante sobre o custo dos servizos que prestan os concellos galegos*



III. *Transferir á Xunta de Galiza a contía correspondente Á PIE, para que sexa a Administración Galgea a que realice o reparto destes fondos entre os concellos.*

2. *Intar á Xunta de Galicia a presentar ao Parlamento de Galicia o proxecto de reforma da Lei de Administración Local de Galicia dentro do prazo de seis meses dende a entrada en vigor do novo sistema de financiación autonómica e das facendas locais tal e como establece a Disposición final Primeira DA lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local.*

3. *Instar á Xunta de Galicia a coordinar co retso das administracións, e especialmente coas Deputacións Provinciais galegas no marco do Protocolo de Coordinación asinado coa Xunta de Galicia por todos os presidentes provinciais en 2012, os programas, plnas convenios ou calquera outra formula de achegas económicas aos concellos,coa finalidade de dotar aos mesmos de recursos suficientes para abordar infraestruturas ou servizos esenciais, para o aumento da calidade de vida da veciñanza.*

4. *Dar traslado deste acordo ao Goberno do Estado, á Xunta de Galicia, a todos os Grupos Parlamentarios das Cortes Xerais do Estado, do Pralemento de Galicia, así como á Federación Galgea de Municipios e Provincias.”*

Intervén D. Marcos Besada Álvarez, concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, para dicir que coa súa moción se pretende facer viable a labor de que se quere dar máis forza á propia cidadanía para ser máis fortes. Manifesta que él é o voceiro da xente que ten estas inquiredanzas, e que ante a enmenda presentada polo grupo municipal do P.P. retira a súa moción para estudar dita enmenda proposta.

Pide a palabra a Secretaria Municipal para dicir que a retirada dun asunto da orde do día, debe ser votada.

Sen producirse máis debate procédese á votación acordándose por unanimidade a retirada da moción.

### **3ª PARTE:**

#### **PARTE DE CONTROL**

##### **1.- MOCIÓN DE SON VIVEIRO, INTEGRANTE DO GRUPO MIXTO, PARA A APROBACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR INSTALACIÓN DE CAIXEIROS AUTOMÁTICOS.**

Intervén a Sra. Alcadesa para darlle a palabra ao concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto.



Intervén D. Marcos Besada Álvarez, concelleiro de Son Viveiro, integrante do grupo mixto, que procede á lectura da moción presentada en data 27-10-2016, para a aprobación da ordenanza reguladora da taxa por instalación de caixeiros automáticos que propón ao pleno a adopción dos seguintes acordos:

*“- Aprobación da Ordenanza Reguladora da Taxa por intalación de caixeiros automáticos nas fachadas dos inmobles con acceso directo desde a vía pública.”*

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que xa está aprobada e publicada , que foi levada ao pleno o 13 de abril e publicada no BOP o día 1 de xullo a ordenanza definitiva e que entrou en vigor, segundo se establecía na súa Disposición Final, ese mesmo día. Manifesta e que a día de hoxe, as nove entidades bancarias afectadas por esta ordenanza xa teñen presentado no rexistro municipal o modelo de comunicación de datos e estase elaborando o padrón de caixeiros para proceder ao seu cobro (neste exercicio 2016 liquidarase a taxa correspondente ao mes de xuño e mais aos dous últimos trimestres do ano).

Intervén D. Marcos Besada Álvarez, concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, para dicir que propón a súa retirada porque xa está en vigor e que lle sorprende que estando dentro da corporación non se teña feito ningunha comunicación e que resulta chocante que se publique na época estival. Manifesta que a revisarán e traballarán sobre ela.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que unha vez aprobada hai que publicala e así se fixo. Di que non se poden comentar todos os trámites do día a día e que non hai falta de comunicación. Manifesta que se tramitou dende Secretaría , que non se lle notificou persoalmente pero que tampouco foi preguntada.

Intervén D. Marcos Besada Álvarez, concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, para dicir que pagaron a novatada, e que non farían esta moción se o coñeceran.

Intervén D. Antonio Bouza, concelleiro do Partido Popular de Viveiro, para dicir que está todo dito.

Non existindo máis debate procédese á votación da proposta de retirada da moción, acordándose por unanimidade a retirada da moción.

## **2.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.**

A Sra. Alcaldesa dá conta das Resolucións dictadas pola Alcaldía, mediante un listado resumo das memas, as cales estiveron á disposición dos Concelleiros coa restante documentación integrante do Pleno.



Non se producen intervencións o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes, acorda darse por informado das Resolucións dictadas pola Alcaldía.

### 3.- ROGOS E PREGUNTAS.

#### **ROGO PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. EN DATA 28-10-2016 (Nº DE REXISTRO 7202):**

Celestino García Paz, en representación do Grupo Municipal Popular de Viveiro, realiza á Sra. Alcaldesa da Corporación, os seguintes ROGOS para o próximo pleno, ao obxecto de que se subsanen as deficiencias sinaladas coa maior prontitude posible:

1.Despois das queixas transmitidas por moitos veciños e constatadas persoanlemnete por membros do noso grupo, puidemos comprobar o mal estado doas sifal- con moitas baches- de diversas pistas de acceso a vivendas dalgunhas parroquias do noso Concello como por exemplo:

-Na carretera desde o burgo do Porto á área Etnográfica e depósito de bombonas de butano na Insua no barrio de Escourido. Covas

-Na parroquia de Vieiro no barrio de Lavandeira, así como os seus accesos desde a Cabeceira e desde o Souto, así como no barrio de Sualavandeira e o Areal.

-Na parroquia de San Pedro a pista desde o cemiterio ata o alto de Naseiro.

-Na parroquia de Celeiro no barrio de Lavandeiras no acceso de A Costa, así como na zona de acceso ás sete vivendas(detrás da Peugeot) fronte ao barrio do Chao.

-Carretera de Alboi desde Augadoce (Area) e Casanova(Celeiro)

-En Viveiro a rúa Jesús Noya no casco da cidade.

-En Verxeles na Rúa Jose Illade (frente a Alco S.L.) donde está a Torre nº2 na rúa do edificio Vista Alegre fronte aos portales A e B con baches e maleza-ao lado da barandilla- ao tempo que aproveitan os veciños para pedir a colocación da placa co nome desta rúa.

-Na zona de aparcamento entre a Cruz Vermella e o Colexio Luis Tobío.

Por todo o exposto anteriormente ROGAMOS á Sra. Alcaldesa que lle poña remedio, a maior brevidade posible, a todas as deficiencias sinaladas. Así mesmo que para futuras





obras a realizar nas que se empregue agolemrado que se teñan en conta estas pistas de acceso a vivendas aquí mencionadas.

Intervén a Sra. Alcaldesa para respostar que como xa comentou algunha outra vez, o equipo de goberno está informado sobre as carencias ou deficiencias que existen no concello. Di que son conscientes de que o camiño da Insua, a zona de Borralleiros en Viveiro, a zona do Areal en Viveiro, entre outras, están en malas condicións. Di que saben que os responsables do deterioro destas pistas son empresas dedicadas á extracción da madeira e que fai bastante tempo que se puxeron en contacto tanto coa empresa Carferlo como coa empresa Isidro Otero para bachealas e pola carga de traballo, fundamentalmente derivada dos diversos convenios das administracións cos concellos, aínda non puideron.

2. Dado que moitas parroquias do noso concello carecen dun servizo básico como é o saneamento e nalgúns acoso a outras lles falta completalo e dado que aparte da importancia deste servizo, este feito constitúe un claro exemplo de discriminación entre o rural e o casco urbano, e polo que lle ROGAMOS ó equipo de goberno local, que en colaboración con outras administracións, elabore un plan de saneamento plurianual para dar servizo a todas as parroquias deficitarias neste aspecto.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que coa experiencia que teñen coa Xunta, polo que respecta tanto ás inversións no noso concello, como á deixadez coa que ben facendo gala nas súas competencias, parécelle cando menos unha desfachatez o que están plantexando, excepto que estean pensando unha vez máis en que aporten os costes a Deputación Provincial de Lugo e mais o Concello. Di que, en todo caso, son conscientes da necesidade que plantexan e de realizar as xestións necesarias para intentar paliar esta situación.

Intervén D.Celestino García Paz, concelleiro do Grupo Municipal Popular de Viveiro, para dicir que sabe que a Xunta ten participado no concello nalgúns saneamentos, por exemplo nas Pallaregas, no que participaron Xunta, Deputación e Concello. Manifesta que no pleno do pasado 28 de setembro en relación a un rogo relacionado co saneamento da Feira de Galdo hai un parágrafo onde a Alcaldesa di que despois dos quebradeiros de cabeza do pozo de Hermosende ningún veciño pediu a alta e que Viaqua confirmou que hai 7 solicitudes.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que non teñen constancia pero que o comprobarán.

**ROGO PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. EN DATA  
27-10-2016 (Nº DE REXISTRO 7160):**



María Jesús Vale López en representación do Grupo Municipal Popular de Viveiro, realiza á Sra. Alcaldesa da Corporación, os seguintes ROGOS para o próximo pleno:

1. Algúns veciños queixanse da suciedade que se acumula no acceso aos muíños da Xunqueira, sin que ninguén se preocupe por mantelos limpos. Por este motivo lle ROGAMOS á Sr.a Alcaldesa que adopte as medidas oportunas para subsanar o problema a maior brevidade posible e se proceda a limpeza e adecentamento desta zona.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que o concelleiro delegado de Medio Ambiente lle comunica que non recibiu ningún aviso ao respecto e que pasará pola zona para ver cal é a situación, xa que na foto non se distingue ben qué tramo é.

Así mesmo, manifesta que ao longo do verán a sección de xardinería desbrozou en dúas ocasións a maleza ao longo do Camiño dos Muíños para facilitar o acceso dos visitantes á zona e que xa comentou en diversas ocasións que este equipo de goberno entende que a limpeza debe ser, ademais dun reflexo de civismo, un tema colectivo. En tanto haxa persoas que tiren ao chan todo tipo de residuos, tanto orgánicos como inorgánicos, a labor do persoal de CESPAs e do persoal de xardinería será insuficiente.

Intervén D<sup>a</sup>. María Jesús Vale López para dicir que a xente desa zona dixo que lle comunicara a persoal municipal que limpara esa zona, non o camiño dos Muíños senón a vía que dá acceso.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que o aclarará o concelleiro de Medio Ambiente.

2. No barrio de Xunqueira procedeuse no seu momento ao asfaltado dunha pista, pero un camiño perpendicular á mesma e que dá acceso as vivendas cos números 155,156 e 157 quedou sin asfaltar, o que provoca dificultade para acceder ás mesmas. Por este motivo lle ROGAMOS á Sra. Alcaldesa que a maior brevidade posible se proceda ao asfaltado do mencionado camiño, ó obxecto de mellorar a accesibilidade a estas vivendas.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que ao equipo de goberno gustaríalle que calquera camiño, incluso os do medio rural, se puideran asfaltar e manter en condicións óptimas, pero que a realidade é outra ben distinta. Di que sentíndoo moito, en tanto existan lugares, como a zona escolar, en condicións deficientes, este tipo de camiños terán que esperar para mellores momentos.

**ROGO PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL DE SON VIVEIRO EN DATA 27-10-2016 (Nº DE REXISTRO 7177):**

D. Marcos Besada Álvarez, concelleiro de SON VIVEIRO, presenta para o seu debate no Pleno Ordinario do mes de novembro o seguinte

**ROGO SOBRE PASO PEONIL NO CEP “LOIS TOBIO”**



Có comezo do novo curso escolar, observamos que un ano máis segue existindo un risco vial bastante importante no paso peonil sito xusto na entrada do CEP Lois Tobío deste concello, dito risco está provocado porque xusto diante do paso peonil está situada a parada de carga e descarga dos/das alumnos/as dun dos buses de transporte escolar. Dada a envergadura deste tipo de vehículos, impídese a visibilidade de posibles peóns que vaian cruzar o vial no único paso peonil que existe nas portas principais deste centro. Polo exposto e dado que en dita zona xa hai antecedentes de atropelos infantís no pasado, dirixímonos a vostedes para realizar o seguinte  
ROGO

Que se elimine esa barreira visual, ben retrasando esa zona de estacionamento do bus escolar de forma tal que permita unha boa visibilidade do comezo do paso peonil, ou ben en caso de non poderse facer por falla de espazo, se cambie o espazo da zona habilitada para estacionamento de vehículos de minusválidos que está xusto detrás da dos buses para onde está agora a devandita parada dado que este tipo de vehículos normalmente máis pequenos permitirían unha mellor visibilidade.

Aproveitamos tamén este ROGO para lembrar que está pendente de ser pintado o paso peonil na rúa Alfredo García Dóriga tal e como expuxemos a través dunha Moción aprobada neste pleno o pasado mes de xuño.

Intervén a Sra. Alcadesa para dicir que se lle transmitirá o seu rogo ao Inspector Xefe da Policía Local para que avalíe a situación e se ésta pode ser mellorable, que o pintor da brigada de obras modificará as liñas que sexan necesarias e que así mesmo lle recordará ao Capataz de Obras o paso de cebra pendente en García Dóriga.

### **ROGO PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL DE SON VIVEIRO EN DATA 27-10-2016 (Nº DE REXISTRO 7178):**

D. Marcos Besada Álvarez, concelleiro de SON VIVEIRO, presenta para o seu debate no Pleno Ordinario do mes de novembro o seguinte

#### **ROGO SOBRE ESTREITAMENTO NA RÚA ALONSO PEREZ**

Na rúa Alonso Pérez do noso concello, entre o edificio de Telefónica e a parte traseira do edificio Gran Vía, existe unha zona moi estreita na calzada na cal conflúen vehículos e peóns sen ningún tipo de separación física nin barreira de protección. Tendo en conta que nestes últimos anos a circulación de vehículos, así como o número de veciño/as incrementou dadas as últimas edificacións que nesta zona se produciron e tendo tamén en conta que nesta zona existen edificios públicos de frecuente asiduidade como son os xulgados, o edificio sindical e incluso unha escola infantil, onde o tránsito con carriños infantís é habitual, consideramos que a fluidez de tránsito desta rúa é elevado respecto das condicións viais que presenta. Polo exposto, dirixímonos a vostedes co seguinte



## ROGO

- Que se tomen as medidas de seguridade para garantir a circulación peonil nesa zona ou que aló menos se obrigue ao acondicionamento da vexetación que sobrepasa os límites da propiedade privada invadindo a rúa e que fai que os peóns teñan que transitar pola parte que corresponde aos vehículos.
- Que nun breve período de tempo se coloque algún tipo de barreira para separar o espazo de peóns e vehículos en devandita zona.
- Que se cree un equipo de traballo para facer un estudo que analice as posibles solucións para habilitar unhas beirarrúas en condicións que solucione o problema peonil na rúa desa zona urbana do noso concello.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que está segura de que son coñecidas as limitacións coas que nace este vial. Di que a actual rúa Alonso Pérez, antigo Camiño Vello, vai serpenteando de forma un pouco caótica entre muros e edificios e que nalgún punto a estreitez resulta máxima, polo que o ensanche, a día de hoxe, en determinadas zonas está totalmente hipotecado. Di que nas zonas estreitas non existe espazo para poñer beirarrúas e que incluso, noutra zona onde existe beirarrúa, unha aberración urbanística corta a súa continuidade. Manifesta que aínda que é posible delimitar a velocidade e a tonelaxe, a única solución para garantir totalmente a seguridade pasa por peonalizar o vial.

Por último di que pola cantidade de rogos e preguntas que realizaron en varias ocasións, dáme a impresión de que o seu grupo municipal ten un interese especial neste vial e por esta razón, comunica que baixo a supervisión do arquitecto municipal D. Santiago Meitín dende hai bastante tempo, vén realizando numerosas xestións para adecuar a rúa Alonso Perez alí onde as circunstancias o permiten.

## **ROGO PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL DE SON VIVEIRO EN DATA 27-10-2016 (Nº DE REXISTRO 7179):**

O Grupo Municipal de SON VIVEIRO, a través do seu Concelleiro D. Marcos Besada Álvarez, presenta para a súa inclusión na Orde do día do próximo Pleno do Concello de Viveiro o seguinte

### **ROGO SOBRE LIMPEZA DE FINCAS**

Actualmente a parcela na que se atopan o Pazo e a Capela de Malates, cun fronte de cerca de 100 metros á rúa Alonso Pérez, é un foco de sucidade e maleza co conseguinte risco de incendio que ademais deteriora a imaxe da zona.



Por iso, propoñemos que se lle comunique ao propietario a súa obriga de proceder a executar a limpeza e saneamento do citado solar de forma inmediata. No caso de que non actúe solicitamos que sexa o Concello quen o faga tal e como establece a normativa e logo derivar os custos ao dono da referida finca.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que está segura que neste concello durante o boom inmobiliario moitas empresas de construción invertiron en parcelas. Unha gran parte destas sociedades deron en quiebra. Di que a razón social daquel momento, punto de contacto entre o concello e a empresa, non atende aos requerimentos.

Di que a parcela á que se refire no seu rogo nin está pagando o catastro nin se coñece o seu dono na actualidade. Remata dicindo que o concello tense que facer cargo gratuitamente da súa limpeza e de todas aquelas que se atopan na mesma situación e que a veces, por desgraza, as cousas non son tan simples e que hai varios escritos nos que se solicita ao concello que adopte medidas con respecto á situación desta finca, aludindo á Lei de Patrimonio. Di que dende o departamento de Urbanismo se abriu un expediente para solicitar un informe técnico e valorar se hai razóns de interese público en materia de seguridade e medio ambiente e, se procede, incoarase expediente.

#### **ROGO PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL DE SON VIVEIRO EN DATA 27-10-2016 (Nº DE REXISTRO 7180):**

D. Marcos Besada Álvarez, concelleiro de SON VIVEIRO, presenta para o seu debate no Pleno Ordinario do mes de novembro o seguinte

#### **ROGO SOBRE LIMPEZA ZONAS DO FEVE**

Dado o lamentable aspecto polo abandono e da maleza das zonas de entrada ao túnel do FEVE como ás inmediacións da ponte do ferrocarril na zona de Verxeles e dado tamén que ditas zonas atópanse a menos de cen metros de zonas residenciais, co cal existe un risco de incendio bastante elevado, dirixímonos a vostedes co seguinte

#### **ROGO**

- Contactar con FEVE e recordarlles as súas obrigas de seguridade e salubridade das fincas baixo a súa xestión en conformidade co artigo 40, capítulo III das Ordenanzas Municipais.
- Que en caso de facer caso omiso de dita solicitude tómanse as medidas oportunas.



Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que as veces que requeriron a FEVE para a limpeza desta e doutras zonas, aínda que a resposta non foi inmediata, sempre foi positiva. Di que na actualidade, a crise económica alcanza a todas as administracións e manter unha finca en mínimas condicións supón limpala cando menos dúas veces ao ano. Di que o custe económico que supón a limpeza de fincas da titularidade de FEVE é difícil de asumir e que en calquera caso, a parte superior do túnel vén limpándose o concello de forma regular. Reamta dicindo que dará traslado do seu rogo.

### **PREGUNTAS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DE SON VIVEIRO EN DATA 27-10-2016 (Nº DE REXISTRO 7182):**

O Grupo Municipal de SON VIVEIRO, a través do seu Concelleiro D. Marcos Besada Álvarez, presenta para o seu debate no próximo PLENO as seguintes PREGUNTAS relativas á páxina [www.viveiroturismo.com](http://www.viveiroturismo.com) presentada o pasado mes de xullo.

Existe unha cantidade importante de visitantes que coñece o noso municipio na rede antes de decidirse polo seu destino turístico; de aí a necesidade de dispormos dunha imaxe virtual atractiva e viva, ampliando o contido e mellorando a presentación da información na internet.

Por todo isto, realizamos as seguintes PREGUNTAS:

Cantas foron as empresas convidadas e cales se presentaron ao concurso?

Que motivou a selección desta páxina web?

A canto ascendeu o seu custo?

Cal é o prezo da súa actualización?

Por que se fai publicidade nela da empresa que a deseñou?

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que se pediran tres presupostos e que non houbo concurso porque é un contrato menor. Manifesta que os presupostos foron de trece mil euros, sete mil euros e tres mil oitocentos euros, todos eles IVE excluído. Engade que o prezo de tres mil oitocentos euros é irrisorio, e que se debe á amizade desa empresa coa Concelleira de Turismo, sinalando que realizala por menos importe resulta imposible, e engade que a actualización neste momento non está custando nada.

### **ROGO PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL DE SON VIVEIRO EN DATA 27-10-2016 (Nº DE REXISTRO 7181):**



O Grupo Municipal de SON VIVEIRO, a través do seu Concelleiro D. Marcos Besada Álvarez, presenta para o seu debate no próximo PLENO aso seguinte ROGO en bAse á seguinte:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Este Grupo Municipal no Pleno celebrado o pasado 7 de outubro de 2015 presentou un ROGO nos seguintes termos:

“Na intersección na estrada Sixto-Magazos coa Lugo-Viveiro, na Ruanova, dous postes de tendido eléctrico e telefónico, rodeados de varias sinais colocadas a unha altura indebida, así como vehículos estacionados diante do bar alí situado, provocan que para saír do STOP, en ocasións teñan que invadir parte do carril da estrada principal para ver os que se dirixen a Viveiro. Por todo isto, solicitamos que por parte do equipo de goberno se fagan as xestións oportunas para corrixir o emprazamento deste obstáculos que foron os culpables de máis dun accidente”

Na súa intervención a Sra. Alcaldesa manifesta que os postes non interfíren na visibilidade, pero intentárase arrancar e enviar catas a BEGASA para a substitución.

A resposta da Sra. Alcaldesa evidencia un claro descoñecemento do lugar ao que se refiría a nosa solicitude e dado que, transcorrido máis dun ano, as dificultades na visibilidade no punto citado aumentan e os contactos anunciados con BEGASA, de producirse non deron os frutos desexados, reiteramos, a nosa petición e solicitamos que desde o goberno municipal se dirixan á Administración á que pertence a citada estrada para que persoal técnico inspeccione o lugar e determine as medidas que subsanen as dificultades que para o tráfico representan os obstáculos sinalados, antes de que teñamos que lamentar outro sinistro.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que a resposta que lles deu no seu momento foi despois de recabar información e que o Concelleiro de Obras, que coñece perfectamente a zona, trasladoulle, e ratificase, que as sinais baixas non interfíren para nada a visibilidade Di que a única interferencia visual para incorporarse á estrada da Xunta, se acaso, vén do poste de formigón de Begasa. Remata dicindo que naquela ocasión trasladouse á empresa eléctrica o seu rogo e, ademais, colocouse un espello novo para mellorar a visibilidade e que volverán a dirixirse a Begasa e á Deputación Provincial, organismo titular da estrada que vai a Portochao.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 21.15 do día 2 de novembro de 2016, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu, como Secretaria, dou fe.





EXCMO. CONCELLO  
DE  
VIVEIRO

---

Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982.56.01.28 Fax:982.56.11.47 Correo electrónico:  
[viveiro@fegamp.es](mailto:viveiro@fegamp.es)

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE